

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

'Flores de Dunsinane'

## Manuel Lourenzo gaña o premio Álvaro Cunqueiro cunha obra sobre Macbeth

Arrancou a Feira Galega das Artes Escénicas con 130 programadores para ollar os traballos de 20 compañías galegas.

Redacción - 17:45 19/10/2009

A [Feira Galega das Artes Escénicas](#) arrancou este luns en Santiago de Compostela. Máis de 130 programadores, produtores e distribuidores de toda a península asisten a este escaparate no que se amosan as últimas novidades do teatro e a danza co obxectivo de favorecer a súa contratación. No arranque da feira anunciáronse e entregáronse os premios de escritura teatral convoca a [Axencia Galega das Industrias Culturais \(Agadic\)](#). Manuel Lourenzo fixose co XVIII Premio Álvaro Cunqueiro con *Flores de Dunsinane*, unha obra na que recupera os personaxes do [Macbeth](#), de Shakespeare.

Para [Manuel Lourenzo](#), este novo recoñecemento na súa longa carreira como autor, actor e director, non é un premio calquera: “é moi grande pola sombra que dá este nome”. Fleance, un dos personaxes do drama de Shakespeare, chega a rei de Escocia, e xa vello e preto da morte, recibe a visita dos Macbeth, os seus antecesores, cos que revive o reinado sanguento destes. Este é o argumento dunha obra da que o xurado destacou o seu ritmo e “o emprego dunha linguaxe rica, poética e expresiva dramaticamente”.

O autor describiuno como “un texto difícil, moi pouco provocativo desde o punto de vista da risa”. Manuel Lourenzo confesouse no literario debedor dun ton desiderativo que detecta en autores como Pondal, Cunqueiro e Otero-Pedrayo, para a continuación sumarse, á beira do conselleiro de Cultura e Turismo, ás críticas á política lingüística da Xunta, ao dicir que “no que se refire á lingua son decididamente afirmativo, e só aí profundamente antiabortista”. Rematou a súa intervención cun entusiasta “viva o teatro!”.

### Premios de monicreques e teatro para nenos

O IV Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil gañouno [Xosé A. Neira Cruz](#) por *Sopa de xarope de amora*, que o xurado describiu como “unha comedia áxil e divertida, protagonizada por personaxes estrambóticos que actualizan algúns dos tradicionais contos de fadas creando unha atmósfera que estimula a imaxinación”.

O Barriga Verde para Teatro de Monicreques na modalidade de adultos recaeu en Ignacio Vilariño, creador e investigador de monicreques que se estreaba na escrita dramática. A súa obra *Auga que non vas beber...*

componse de anacos de cantigas populares e “entronca co teatro de Cachiporra na tradición de Barriga Verde, Blanco Amor e Dieste”, sinalou o xurado. Na categoría de teatro de monicreques para público infantil, o xurado premiou o texto *Bon appétit*, de Begoña García.

### **Teatro e danza á venda**

A Feira Galega das Artes Escénicas amosa do 19 ao 23 de outubro en Santiago as novidades das compañías galegas, que por primeira vez acaparan na súa totalidade o cartel do evento. Dos 20 espectáculos que se van representar estes días, 11 son de teatro para adultos, seis de teatro infantil e tres de danza. A feira complétase con actividades paralelas, mesas redondas e unha zona de expositores das compañías e asociacións do sector. O obxectivo é que a feira sexa un espazo de negocio que permita a contratación dos espectáculos e a súa circulación por escenarios dentro e fóra de Galiza.

O conselleiro de Cultura, Roberto Varela, foi o encargado de inaugurala. Destacou que o feito de que a feira acadase a súa edición número dezasete é “proba dunha continuidade non moi frecuente e signo de que os profesionais da escena foron quen de defender este espazo”. Varela sinalou que a consellería e a Agadic impulsarán as artes escénicas con varias liñas de traballo: “o reforzo das axudas á actividade profesional, máis apoio á difusión exterior, a aposta polo modelo de compañías residentes, a potenciación dos circuitos de distribución dentro e fóra de Galiza e a busca dunha maior coherencia na política de colaboración con festivais e mostras escénicas”.